

# Tradución

## Poemas de Henrik Nordbrandt

Lara DOMÍNGUEZ ARAÚJO

### NOTA SOBRE O AUTOR

Dicir Henrik Nordbrandt na Galiza é pronunciar un nome estranxeiro, coa intuición de que se debe tratar dun europeo do Norte, nunha instantánea asociación provocada pola transparencia dunha parte do seu apelido. Aínda que as súas obras foron traducidas ao neerlandés, inglés, italiano, alemán, islandés, sueco, turco e búlgaro, a súa introdución no mercado peninsular aínda foi recente.

Nomealo no seu país natal, no entanto, significa evocar poesía e recoñecemento, e, ás veces, unha admiración que ten algo de envexa, dese dezo nórdico de fuxir e ser quen de vivir nun deses lugares «onde vai demasiada calor para manter a cabeza despexada». Nacido en 1945, Henrik Nordbrandt estudou linguas orientais (chínés, turco e árabe) na Universidade de Copenhage. En 1965 saíu o prelo do seu primeiro

libro de poemas e deseguida comezou a recibir numerosos galardóns entre os que cabe destacar o Premio da Academia Danesa (Det Danske Akademis Store Pris) en 1980 e o Premio Literario do Consello Nórdico (Den Nordisk Råds Litteraturpris) en 2000. Fai traducións do turco e leva escritos máis de trinta poemarios, un libro de viaxes, a novela *Finckelsteins blodige bazar* (*O bazar sanguento de Finckelstein*, 1983), varias obras de literatura infantil e un libro de cociña turca, así como artigos e contos para o xornal danés “Politiken”.

Os poemas que lles presentamos a continuación pertencen ao libro *Violinbyggernes by* (*A vila dos construtores de violíns*, 1985), escrito na súa etapa de consagración como autor e que esperamos os introduzan con pracer no universo poético dun dos autores máis influentes do panorama lírico dinamarqués dos últimos tempos.

<sup>1</sup> En 2003 publicáronse en castelán unha antoloxía da súa obra baixo o título *Nuestro amor es como Bizancio* (Lumen) e o libro *El temblor de la mano en noviembre* (Bassarai). A tradución directa do dinamarqués ao galego escolmada aquí é anterior a estas e conformou o meu proxecto de fin de carreira, presentado na Universidade de Vigo no ano 2001 baixo a dirección de Gonzalo Navaza e coa colaboración de José Antonio Fernández Romero.

<sup>2</sup> Se desexan máis información sobre o autor, poden consultar <http://www.litteraturnet.dk/>.

### Postkontoret

Hvor brevene, vi aldrig får sendt afsted  
 er smukke  
 sammenlignet med de breve, vi sender  
 og hvor overraskende svarene:  
 De helt uventede ord, som følger sig sammen  
 helt af sig selv  
 til perfekte løsninger på problemer  
 vi først da får øje på.  
 For eksempel anede jeg ikke noget om Venezuela  
 før jeg begyndte på disse linier  
 og nu har jeg allerede fået rodet mig ind  
 i et vidunderligt, men håbløst forhold der  
 — og for at det ikke skal være løgn  
 med præsidentens syttenårige elskerinde  
 Margarita, Rosita  
 eller hvad man nu kan hedde i Venezuela  
 en af disse frodige, latinske skønheder  
 som blomstrer så kort. Og alt det besvær  
 bare fordi vejret var så fint, at jeg absolut  
 måtte skrive  
 om hvordan jeg kom forbi posthuset  
 uden at kunne få mig selv til at gå ind  
 og sad og blev doven i solen udenfor  
 til de lukkede. Og sådan har det tilmed  
 stået på i en uge.  
 Så skriv ikke, min elskede, men kom  
 skynd dig at komme  
 inden jeg bliver opdaget og likvideret  
 i Venezuela  
 eller i Saudiarabien eller et andet sted  
 hvor det er for varmt til at holde hovedet klart.

Kom og fortæl mig  
 om alle brevene, du gerne ville have sendt mig  
 eller som muligvis ligger og samler støv  
 inder på posthuset.

### A oficina de correos

Que fermosas  
 son as cartas que nunca enviamos  
 comparadas coas cartas que si enviamos  
 e que abraiantes as respostas:  
 as palabras totalmente inesperadas que se articulan  
 por si mesmas  
 nas solucións perfectas aos problemas  
 que só entón distinguimos.  
 Eu por exemplo non tiña idea de Venezuela  
 antes de comezar estas liñas  
 e agora que xa me enleeei aló  
 nunha marabillosa mais imposible relación  
 (e para non faltar á verdade  
 coa querida de dezasete anos do presidente  
 Margarita, Rosita  
 ou como quer que se chame agora en Venezuela  
 unha desas belezas latinas e exuberantes  
 de tan curta floración). E toda esta lería  
 só porque ía tan bo tempo que tiven a imperiosa  
 necesidade de escribir  
 sobre como pasei por diante da oficina de correos  
 sen me atrever a entrar  
 e sentei e entroume a preguiza fóra ao sol  
 até que pecharon. E por riba así me leva  
 pasado toda a semana.  
 Así que non escribas, miña amada, ven  
 dáte présa en vir  
 antes de que me descubran e me liquiden  
 en Venezuela  
 ou en Arabia Saudí ou en calquera outro lugar  
 onde vai demasiada calor para manter a cabeza  
 [despexada.

Ven e fálame  
 de todas as cartas que che gustaría terme mandado  
 ou que posibelmente estean amoreando po  
 na oficina de correos.

### **Tånegle**

Allerede tåneglene er et fjernt varsel  
om det yndige sted, hvor benene mødes.  
Så følger fodens kurve, og benene selv

er lange som eftermiddage om sommeren  
med hav og doven musik, ispinde på dækket  
og den stjerneklare nat, der rykker nærmere.

### **Unllas das dedas**

Xa as unllas das dedas son un presaxio remoto  
do xeitoso lugar onde se atopan as pernas.  
Logo seguen as curvas do pé e as mesmas pernas

son longas coma tardes de verán  
con mar e música lixeira, carambelos na cuberta  
e a noite clara de estrelas, que se achega.

**Tunnelbanen**

Du arbejdede på et kontor  
i den bygning, hvor jeg havde  
et par lejede værelser  
og et håbløst forfaldent køkken.

Jeg arbejdede  
lige rundt om hjørnet  
fra det sted, hvor du boede

Om morgenen  
når du tog op med tunnelbanen  
tog jeg ned.  
Om aftenen var det omvendt.  
Og tilmed har jeg hørt  
om end ikke set  
at de to tog skulle trække hinanden.

Forbød det være den dag  
da du på grund af en rapport  
fra Vandværksdirektoratet  
fik overarbejdede og løb tør for kaffe!  
Og forbød det være det tilfælde  
at jeg netop den dag  
havde købt en ekstra pakke!

Nu tager vi begge to op på samme tid  
og begge to ned  
— for slet ikke at tale om de kedelige  
ture ud på landet  
og til familie og venner.

Der er ingen balance  
ingen antydning af ynde i den tilværelse!

Men i det mindste forstår jeg nu  
hvor smukt det var  
da vi ikke kendte hinanden  
men når vi tog henholdsvis op og ned  
var elskende i en mystisk  
og fra nu af uigenkaldeligt tabt betydning.

**O metro**

Traballabas nunha oficina  
do edificio onde eu tiña  
dous cuartos en aluguer  
e unha cociña escanastrada sen remedio.

Eu traballaba  
xusto á volta da esquina  
onde vivías.

Á mañá  
ao subires no metro  
eu baixaba do meu.  
Á tardiña pasaba o contrario.  
E mesmo teño ouvido,  
aínda que non visto,  
que os dous trens se cruzaban.

¡Maldito sexa o día  
en que por culpa dun informe  
da dirección xeral de augas  
ficaches con traballo extra e sen café!  
¡E maldita sexa a casualidade  
de que xusto ese día  
eu comprara un paquete de máis!

Agora subimos os dous ao tempo  
e baixamos os dous  
(por non falarmos das aborrecidas  
saídas ao campo  
e xunto a familia e os amigos).

¡Non hai equilibrio ningún  
nin chisca de graza nesta vida!

Porén agora entendo  
o fermoso que foi  
cando non nos coñeciamos  
pero ao subirmos e baixarmos en dirección oposta  
eramos amantes nun sentido  
místico e dende agora perdido de vez.

**Violinbyggernes by**

Hver gang du kommer tilbage  
 kunne jeg dræbe dig for det  
 — af misundelse over den udsigt  
 jeg ikke fik set, floden  
 der slyngede sig gennem byen og ud  
 i det blomsterende landskab  
 med mindre det var en strøm af blå heste  
 bjergenes sne og de indfødtes  
 sprog, de indforståede vittigheder  
 de fortalte om deres konge.  
 «Violinbyggernes by» har jeg ofte  
 døbt det sted, hvor jeg leder  
 efter din sjæls foretrukne tilholdssted  
 din melankolis skovbund, og den særlige  
 tone i lyset over din kind  
 den som gør mig gal sidst på vinteren  
 eller med andre ord: Om døden ved jeg intet  
 men en sådan afmagt tillægger jeg de døde  
 en sådan genstandsløs længsel  
 at intet billede kan gøres  
 på trods af rammen, som altid er der:  
 Hele natten ned ad floden  
 lå vi ikke desto mindre vågne på dækket  
 og lyttede til strygermusikken  
 der blev båret ud mod os fra usynlige bredder.

**A vila dos construtores de violíns**

Cada vez que volves  
 sería quen de matarte,  
 pola envexa do panorama  
 que non dei en ver, o río  
 que serpeou por entre a vila e desembocou  
 nunha paisaxe en flor  
 a non ser que fose un torrente de cabalos azuis  
 neve montañosa e a lingua dos nativos  
 a fala dos chistes cómplices  
 sobre o seu rei.  
 «A vila dos construtores de violíns», así teño  
 bautizado a miúdo este lugar onde vou á procura  
 do acubillo preferido da túa alma  
 o teu melancólico chan de fraga, e ese particular ton  
 da luz sobre a túa fazula  
 aquilo que me volve tolo á fin do inverno  
 ou noutras palabras: sobre a morte nada sei  
 mais tal impotencia lle atribúo aos mortos  
 tal arela sen obxecto  
 que non se pode crear imaxe ningunha  
 a pesar do marco que sempre está aí:  
 toda a noite río abaixo  
 no entanto, deitabámonos espertos sobre a cuberta  
 e escoitabamos a música das cordas do violín  
 que era traída cara a nós desde amplitudes invisíbeis.

**Med naturen**

Med naturen, det billige bras  
vil jeg ikke sammenligne dig  
men gerne med Romerrigets folfarldsperiode

en mægtig luxus com at tage bad hele dagen  
som at brække sig i en spand af guld  
efter at have spist alt for mange østers  
og som at fyre sit hus op med pengesedler  
og køre sig ihjel i en rød Porsche  
på en kystvej med palmer.  
Du er som at se alle dette århundredes  
smukkeste skuespillerinder  
i én lang film, men i virkeligheden  
og så gå hjem alene  
til gasvarme, og en middag på dåse.  
Det er en stor luksus at gå alene hjem fra dig  
en overflod af kostbare stoffer  
en seilkekaravane, der går sine egne veje

og alt det eksotiske pelsudstyr  
man har til eskimør.  
Jeg kunne godt tænke mig at tage alverdens  
tøj af dig, alle de skiftende moder  
lige fra bastskørtet til mandarinkåben  
og uden at glemme Jeanne d'Arc's rustning  
så du blev historiens mest nøgne person.  
Men i øvrigt skal jeg afholde mig  
fra at blande dig sammen med historien  
som jed ved, keder dig  
og i forhold til dig også er noget billigt bras.

**Coa natureza**

Coa natureza, coa alfaia barateira  
non te quero comparar  
senón máis ben cos tempos da caída do Imperio  
[Romano,

un luxo valioso como tomar baños todo o día  
como vomitar nun caldeiro de ouro  
despois de comer ostras de máis  
e como prender lume con billetes á casa dun  
e matarse nun Porsche vermello  
por unha estrada litoral con palmeiras.  
Ti es como ver todas as actrices  
máis fermosas deste século  
nunha longa película, pero na realidade,  
e logo marchar á casa só  
onde a calor do gas e un xantar enlatado.  
É un grande luxo ir só á casa desde onda ti  
unha opulencia de teas custosas  
unha caravana de seda, que segue os seus propios  
[camiños

e todos os exóticos adornos de pel  
que se teñen para os esquimós.  
Ben podería imaxinarme quitándoches roupa  
de todo o mundo, todas as cambiantes modas  
desde a mesma saia de rafia até o manto mandarín  
e sen esquecer a armadura da Xoana de Arco  
para te converter na persoa máis espida da historia.  
Pero por outra banda vou deixar  
de te mesturar coa historia  
que sei que aborreces  
e en comparación contigo tamén é unha alfaia  
[barateira.